



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 17 DE MARZO DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día dezasete de marzo de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 13 DE FEBREIRO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 13 de febreiro de 2025.

2.- SUBVENCIÓN INORDE PROMOCIÓN DE PRODUTOS PROPIOS DE OURENSE.- Dase conta das Bases aprobadas polo Inorde para a finalidade resinada.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban solicitar ao Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), organismo autónomo da Deputación de Ourense, subvención por valor de 4.200,00 € para celebrar o acto “O viño, un compañeiro de vida”, cun orzamento total previsto de 6.000,00 €.

3.- SUBVENCIÓN APROL RURAL 2025.- Dase conta da Orde do 5 de marzo de 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de fomento do emprego no medio rural para o ano 2025.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e as necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria denominada “Protección e mantemento das faixas secundarias no Concello de Beade”, así como demais requisitos establecidos na Orde resinada.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro